

DECRETO DE ALCALDÍA

INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO SEGURO CONTRA INCENDIOS DOS EDIFICIOS DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS.

ANTECEDENTES:

- Proposta da Alcaldía de data 20 de outubro de 2011, de inicio de expediente de contratación, mediante procedemento negociado con publicidade e tramitación ordinaria, do contrato de seguro contra incendios dos edificios do concello.
- Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a contratación, de data 25 de outubro de 2011.
- Informe favorable de Secretaría de data 25 de outubro de 2011.
- Informe favorable de Intervención de data 28 de outubro de 2011.

En uso das atribucións outorgadas pola legislación vixente,

RESOLVO:

1º.- Aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto e dispoñer a tramitación por procedemento negociado con publicidade e trámite ordinario do SEGURO CONTRA INCENDIOS DOS EDIFICIOS DO CONCELLO, cun orzamento base de licitación de 3.500,00 euros/ano, o que supón 14.000,00 euros polos catro anos de duración máxima do contrato.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán dito contrato, por procedemento negociado con publicidade e tramitación ordinaria, que se transcribe:

PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE, DA PÓLIZA DE SEGURO CONTRA INCENDIOS DOS EDIFICIOS DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS.

CLAÚSULA PRIMEIRA. Obxecto do contrato e necesidades administrativas a satisfacer

- Constitúe o obxecto do contrato a contratación dunha póliza de seguro contra incendios nos edificios municipais, especificados no Anexo I dos presentes pregos, propiedade do Concello de Caldas de Reis, de acordo co Prego de Prescricións técnicas que se une como anexo 2.

O servizo de seguro que constitúe o obxecto da presente licitación atópase comprendido na categoría 6 do anexo II da Lei 30/2007 de contratos do sector público, tendo por tanto, a consideración de contrato privado da Administración Pública de acordo co artigo 20 da mesma Lei.

En consecuencia, a preparación e adxudicación da contratación que se define no presente Prego deberá levarse a cabo, en defecto de normas específicas, conforme ós libros II e III da indicada Lei 30/2007.

CLAÚSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do contrato do servizo será o procedemento negociado con publicidade, no que a adxudicación recaerá no candidato xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles, de

acordo coa Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA TERCEIRA. O Perfil de Contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa a súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.caldasdereis.com.

CLÁUSULA CUARTA. Importe do Contrato

De acordo co artigo 75 e 76.6 da LCSP, o importe do prezo do contrato que constituirá o orzamento base de licitación total é de tres mil cincocentos mil (3.500,00) euros/ano (14.000,00) euros polos catro anos de duración máxima do contrato.

A todos os efectos entenderase que a oferta presentada polos licitadores, comprenden no prezo do contrato, cantas recargas, impostos legalmente repercutibles e demais tributos que fosen de aplicación, mesmo os correspondentes a impostos especiais e do Consorcio de Seguros, así como a porcentaxe de prima neta destinada á remuneración da corretaxe de seguros.

De acordo co art. 20.1.16 da Lei 37/1992 e a Lei 26/2006 de mediación de seguros e reaseguros, o presente contrato está exento de IVE, polo que as ofertas presentaran os importes totais, sen desglose, sendo incluído neste importe o Imposto da Prima de Seguro correspondente.

O pago das diferentes primas realizarase no primeiro trimestre do ano 2012, con cargo á aplicación orzamentaria 929/22420.

Ao tratarse dun contrato de tramitación anticipada, a eficacia do acordo de adxudicación quedará demorada ata as 00:00 horas do día 1/1/2012.

O compromiso de gasto someterase á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos correspondentes exercizos.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato

A duración do contrato será de dous anos, con entrada en vigor desde o día 1 de xaneiro de 2012 ata o 31 de decembro de 2014, ambos días incluídos, podendo prorrogarse a vixencia por mutuo acordo das partes antes da finalización de la mesma, sen que a duración total do contrato –incluídas as posibles prórrogas expresas- poida exceder de catro anos.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da Aptitude para Contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións para contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

Soamente poderán ser licitadores as Entidades Aseguradoras inscritas na Dirección Xeral de Sseguros do Ministerio de Economía e Facenda e autorizadas para operar nos tramos aos que se refire o presente prego, de conformidade co establecido no Texto Refundido da Lei sobre

Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados, con independencia de que as ofertas poidan ser presentadas por mediadores de seguros privados, axentes e corredores, que deberán acreditar a representación da Entidade Aseguradora mediante a correspondente escritura de poder bastanteada polo que se entende que a documentación esixida neste prego deberá ir referida á entidade aseguradora.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións para contratar reguladas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público poderá realizarse:

a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A solvencia do empresario:

3.1 A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo ao tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. A solvencia técnica dos empresarios acreditarase por un ou varios dos seguintes medios:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un

organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo de devandito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

f) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión medio ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

g) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

CLÁUSULA SÉTIMA. Presentación de Ofertas e Documentación Administrativa

As ofertas presentaranse no Concello de Caldas de Reis, en horario de atención ao público, no prazo de quince días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Caldas de Reis.

As ofertas poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibiu a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo novena da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As ofertas para tomar parte na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polos candidatos e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Oferta para negociar a contratación dunha póliza de seguro contra incendios dos edificios do Concello de Caldas de Reis,

A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre «A»: Documentación Administrativa.
- Sobre «B»: Oferta Económica e Documentación.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

SOBRE «A»

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

— Os que comparezan ou asinen ofertas en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, verificado de suficiencia polo Secretario da Corporación.

— Se o candidato fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

— Igualmente a persoa con poder verificado de suficiencia a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta.

d) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

e) No seu caso, un enderezo de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

f) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao candidato.

SOBRE «B»

OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN

a) Oferta económica

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/
_____, n.º ____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade
_____, con CIF n.º _____, decatado das condicións e requisitos que se esixen
para a adxudicación por procedemento negociado do contrato de _____, fago constar que
coñezo o prego que serve de base ao contrato e o acepto integramente, comprometéndome a levar a cabo
o obxecto do contrato, de conformidade co seguinte:

1. Prezo anual do contrato: _____ euros
2. Franquía: _____ % sobre o importe da indemnización que corresponda.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do candidato,

Asdo.: _____».

CLÁUSULA OITAVA. Aspectos Obxecto de Negociación coa Empresa

Para a valoración das ofertas e a determinación da economicamente máis vantaxosa atenderase a varios aspectos de negociación.

1.- Valoración oferta económica: Ata 6 puntos. Asignarase a máxima puntuación a mellor oferta. Terán cero puntos por este criterio as ofertas que non formulen baixa. O reparto das puntuacións respecto das restantes farase proporcionalmente en aplicación da seguinte fórmula: Mellor oferta / oferta licitador x 6.

2.- Franquía. Puntuarase con 3 puntos aquela oferta que non estableza franquía na póliza de seguro que constitúe o obxecto do presente contrato. Terá cero puntos, por este apartado, a oferta que estableza a franquía máxima aplicable por sinistro establecida no prego de prescricións técnicas (10%).

As demais ofertas puntuaranse a razón de 0,3 puntos por cada punto porcentual de baixa (exemplo: franquía ofertada do 8%, supón unha baixa de 2 puntos porcentuais, correspondéndolle unha puntuación de $2 \times 0,3 = 0,6$ puntos)

No caso de que se establezan diferentes franquías, por razón do risco cuberto tomarase en conta, para a súa puntuación, o importe da franquía mais alta.

O Concello reservase o dereito de declarar deserta a adxudicación do contrato, mediante resolución motivada, en aqueles casos en que se estime que ningunha das ofertas garante unha óptima prestación do servizo.

CLAÚSULA NOVENA. Mesa de Contratación

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- O Alcalde-Presidente do Concello, que actuará como Presidente da Mesa.
- A secretaria xeral da Corporación, Vogal.
- A interventora da Corporación, Vogal.
- O tesoureiro municipal, Vogal.
- Un funcionario municipal, que actuará como Secretario da Mesa.

CLÁUSULA DÉCIMA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 194 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA UNDÉCIMA. Apertura de Ofertas

A Mesa de Contratación constituirase o terceiro día hábil (non sábado) tras a finalización do prazo de presentación das ofertas, ás dez horas e cualificará a documentación administrativa contida nos sobres «A».

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións corrixibles observados na documentación presentada.

E posteriormente, procederá á apertura e exame do sobre «B».

CLÁUSULA DUODÉCIMA. Requerimento da Documentación

Recibidos os informes, e reunida de novo a Mesa de Contratación, propondrá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2 da Lei de Contratos do Sector Público, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA Adjudicación do Contrato

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro do cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando esixa algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adjudicación deberá ser motivada, notificarse aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimase a súa candidatura.
- Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adjudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitise a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adjudicatario, as características e vantaxes da proposición dos adjudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.
- Na notificación e no perfil de contratante indicarse o prazo en que debe procederse á súa formalización.

A eficacia do acordo de adjudicación quedará demorada ata as 00:00 horas do día 1/1/2012.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Formalización do Contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do quince días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adjudicación; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Dereitos e Obrigacións

— O concello, como tomador de seguro, está obrigado ao pagamento da prima nas condicións estipuladas na póliza. Se se pactaron primas periódicas, a prima delas será esixible unha vez asinado o contrato. O pago da prima non será esixible con anterioridade ao inicio do período obxecto de cobertura. Se na póliza non se determina ningún lugar para o pagamento da prima, entenderase que este ten que se facer no domicilio do tomador do seguro.

— Se por culpa do tomador non se pagou a primeira prima ou a prima única ao seu vencemento, o asegurador ten dereito a resolver o contrato ou a esixir o pagamento da prima debida por vía executiva con base na póliza. Salvo pacto en contrario, se a prima non se pagou antes de que se produza o sinistro, o asegurador quedará liberado da súa obriga.

— En caso de falta de pagamento dunha das primas seguintes, a cobertura do asegurador quedará suspendida un mes despois do día do seu vencemento. Se o asegurador non reclama o pagamento dentro dos seis meses seguintes ao vencemento da prima, entenderase que o contrato queda extinguido. En calquera caso, o asegurador, cando o contrato estea suspenso, só poderá esixir o pagamento da prima do período corrente.

— O concello deberalle comunicar ao asegurador o acaecemento do sinistro dentro do prazo máximo de sete días despois de coñecelo, salvo que se fixase na póliza un prazo máis amplo. En caso de incumprimento, o asegurador poderá reclamar os danos e perdas causados pola falta de declaración.

Este efecto non se producirá se se proba que o asegurador tivo coñecemento do sinistro por outro medio.

— O concello deberalle dar ao asegurador toda clase de informacións sobre as circunstancias e consecuencias do sinistro. En caso de violación deste deber, a perda do dereito á indemnización producirase só no suposto de que concorrese dolo ou culpa grave.

— O concello deberá empregar os medios ao seu alcance para diminuír as consecuencias do sinistro. O incumprimento deste deber daralle dereito ao asegurador a reducir a súa prestación na proporción oportuna, tendo en conta a importancia dos danos derivados del e o grao de culpa do asegurado.

Se este incumprimento se producise coa manifesta intención de prexudicar ou enganar ao asegurador, este quedará liberado de toda prestación derivada do sinistro.

Os gastos orixinados polo incumprimento da dita obriga, sempre que non sexan inoportunos ou desproporcionados aos bens salvados, serán de conta do asegurador ata o límite fixado no contrato, mesmo se eses gastos non tiveron resultados efectivos ou positivos. A falta de pacto, indemnizaranse os gastos efectivamente orixinados. A dita indemnización non poderá exceder a suma asegurada.

O asegurador que, en virtude do contrato, só deba indemnizar unha parte do dano causado polo sinistro, deberá reembolsar a parte proporcional dos gastos de salvamento, a menos que o concello actuase seguindo as instrucións do asegurador.

— O asegurador está obrigado a satisfacer a indemnización ao termo das investigacións e peritaxes necesarias para establecer a existencia do sinistro, de ser o caso, o importe dos danos que resulten del. En calquera suposto, o asegurador deberá efectuar, no prazo de corenta días contados a partir da recepción da declaración do sinistro, o pagamento do importe mínimo do que o asegurador poida deber, segundo as circunstancias coñecidas por el.

— Cando a natureza do seguro o permita e o asegurado consinta, o asegurador poderá substituír o pagamento da indemnización pola reparación ou reposición do obxecto sinistrado.

— O asegurador estará obrigado ao pagamento da prestación, agás no suposto de que o sinistro sexa causado por mala fe do asegurador.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉXTA. Revisión de Prezos

Non se contempla a revisión de prezos.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Execución do Contrato

O contrato executarase con suxeición ao establecido neste prego de condicións e no Prego de Prescricións Técnicas, e de acordo coas instrucións que se darán ao contratista para a súa interpretación polo órgano de contratación.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Modificación do Contrato

De conformidade co art. 92 ter da Lei 30/2007, o contrato poderá ser obxecto de modificación para incluír, no seu caso,

- novos edificios ou instalacións a incluír na póliza do seguro.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Efectos e extinción do Contrato

Os efectos e extinción do presente contrato rexeranse por, Lei 50/1980 do Contrato de Seguro. RDL 6/2004, polo que se aproba el texto refundido de la Lei de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados. RD 2486/1998, polo que se aproba o Regulamento de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados. Lei 26/2006 de Mediación de Seguros y Reaseguros Privados. Calquera outra disposición aplicable de dereito privado.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter privado. A súa preparación e adjudicación rexeranse en defecto de normas específicas, polo establecido no presente Prego, e para o non previsto no mesmo, pola Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenrolo, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado.

Os efectos, cumprimento e extinción do contrato rexeranse polo dereito privado.

Ós contratos privados, seralles de aplicación as normas contidas no título V do Libro I da Lei 30/2007, sobre modificación dos contratos.

O contrato que resulte do procedemento de licitación axustarase ó contido do presente Prego de Cláusulas administrativas particulares. Non eximirá o contratista da obriga do cumprimento do contrato o descoñecemento do Prego en calquera dos seus termos.

A Orde Xurisdiccional Contencioso - Administrativa será a competente para resolver as controversias que se susciten na preparación e adjudicación do presente contrato. A Orde Xurisdiccional Civil será a competente para resolver as controversias que se susciten nos efectos, cumprimento ou extinción do presente contrato.

As controversias suscitaranse tendo en conta o ámbito territorial do Concello de Caldas de Reis.

En Caldas de Reis, o 25 de outubro de 2011
O Alcalde,

Asdo. : Dº Juan Manuel Rey Rey.

ANEXO I

EDIFICIO	M2	CAPITAIS A ASEGURAR		
		Continente	Contido	Equipos electrónicos
Casa do Concello	1386	776.000,00	196.000,00	15.000,00
Biblioteca Municipal	454	300.000,00	115.000,00	8.000,00
Escola Obradoiro e naves anexas	400	370.000,00	70.000,00	8.000,00
Auditorio	335	300.000,00	100.000,00	2.000,00
Local de oficinas en rúa Alfonso VII		60.000,00	21.000,00	8.000,00
Local Fogar do Maior		30.000,00	15.000,00	3.000,00
Edif. Gardería Infantil		183.000,00	30.000,00	3.000,00
Pavillón polideportivo e Piscina Municipal	3099	1.200.000,00		
Mercado de Abastos	772	300.000,00		
Aula da Natureza	137	120.000,00		